

**MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS
PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG NAS RUTAS DE
ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DA CORUÑA**

CLAVE: AC/22/048.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir e xustificar as actuacións que a Xunta de Galicia levará a cabo para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas (RAEG), no ámbito das rutas de acceso da zona norte da área de transporte metropolitano (ATM) da Coruña. As paradas sitúanse sobre as estradas AC-161, AC-211, AC-213, AC-214 AC-221 e AC-223, AC-230, AC-400, AC-524, AC542 e AC-840.

As actuacións atópanse enmarcadas nos seguintes municipios: Abegondo, Betanzos, Boimorto, Cambre, Carral, Curtis, Melide, Mesía, Ordes e Oza-Cesuras.

Con estas melloras preténdese incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos, no uso do transporte público, o que fomentará a diminución do uso dos movementos de corto e medio recorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación; e redundará nunha diminución das emisións de partículas nocivas de xeito gradual.

2. Plan de Estradas

A estrada autonómica AC-161, entre os puntos quilométricos 0+040 e 0+700, encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-211 entre os puntos quilométricos 0+270 e 0+510 pertence á Rede Estruturante da Xunta de Galicia, e entre o 0+510 e o 0+560, encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

As estradas autonómicas AC-213 (entre os puntos quilométricos 2+700 e 3+790), AC-214 (entre os puntos quilométricos 4+420 e 6+800), AC-221 (entre os puntos quilométricos 5+410 e 11+790), AC-223 (entre os puntos quilométricos 1+950 e 9+820), AC-230 (no punto quilométrico 12+990) e AC-400 (entre os puntos quilométricos 0+550 e 0+790); encádranse na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

As estradas autonómicas AC-524 (no punto quilométrico 6+090) e AC-542 (entre os puntos quilométricos 1+420 e 18+430), encádrase na Rede Complementaria da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-840, entre os puntos quilométricos 3+070 y 45+100, encádrase na Rede Estruturante da Xunta de Galicia

3. Descrición da Actuación

Con este proxecto preténdese a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús nas vías autonómicas de acceso á Coruña, na súa zona noroeste. As actuacións consisten basicamente na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas.

Coas actuacións proxectadas tratouse de dar cumprimento á normativa vixente de accesibilidade e utilización do transporte público, configurando itinerarios con largura mínima accesible e dispoñendo pavimentos diferenciados (podotáctil). Tamén se proxectou a colocación de refuxios, coa tipoloxía definida pola Dirección Xeral de Mobilidade, e se deseñou a mellora da sinalización horizontal e vertical.

4. Características técnicas

Refuxios: con carácter xeral colocaranse refuxios coas características definidas pola Dirección Xeral de Mobilidade, situándose próximos á zona de parada do autobús e mantendo libre o itinerario accesible.

Nos itinerarios peonís con anchura suficiente situouse o refuxio próximo á calzada, deixando por detrás o itinerario accesible. O espazo libre de senda desexable, por diante do refuxio é como mínimo 1,2 metros e en ningún caso inferior de 0,9 metros, e o itinerario accesible por detrás do refuxio debe ter un ancho mínimo de 1,8 metros.

Nos itinerarios peonís de anchura reducida o refuxio colocouse xunto á liña de fachada ou cerramento. Nestes casos, o itinerario peonil de 1,8 metros de ancho, vai por diante do refuxio.

Firmes e pavimentos: nas zonas onde na actualidade non existen beirarrúas realizarase un itinerario peonil formado por unha senda de formigón delimitado por bordo estético de 0,15 x 0,22 metros. Cando a parada acondiciónase sobre unha beirarrúa existente, manterase a tipoloxía de pavimentos e bordos existentes.

Carrís: Os carrís dos apartadoiros terán, en xeral, unha anchura de 3 metros, sendo de anchura inferior naqueles casos nos que a ampliación da calzada supoña unha afección importante ás parcelas ou

edificaci3ns lindeiras. En determinados casos (contornas moi urbanas, estradas de baixa IMD) exponse a zona de detenci3n dos autobuses na calzada.

Estruturas: realizaranse 4 muros de formig3n armado e 5 muros de coeira, dunha altura m3xima de 2m, coa finalidade de conter as terras necesarias para ampliar o espazo dispoñible para a realizaci3n das actuaci3ns.

5. Poboaci3n Servida

Abegondo: 5.494 hab.

Betanzos: 13.030 hab.

Boimorto: 1.943 hab.

Cambre: 24.616 hab.

Carral: 6.574 hab.

Curtis: 4.081 hab.

Melide: 7.427 hab.

Mes3a: 2.479 hab.

Ordes: 36.203 hab.

Oza-Cesuras: 5.170 hab.

TOTAL: 107.017 hab.

6. Concellos Afectados

Abegondo, Betanzos, Boimorto, Cambre, Carral, Curtis, Melide, Mes3a, Ordes e Oza-Cesuras

7. Expropiaci3ns

Parcelas afectadas: 69 en pleno dominio. A superficie de expropiaci3n definitiva 3 de 3.612,78 m2.

Expropiaci3ns e bens afectados: 121.960,81 3.-

Premio afecci3n 5%: 6.098,04 3.-

Total expropiaci3ns e indemnizaci3ns: 128.058,86 3

8. Prazo de execuci3n

O prazo de execuci3n das obras previsto 3 de DEZAQITO (18) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitaci3n (c/IVE): 2.280.517,69 3.-

Expropiaci3ns e indemnizaci3ns: 128.058,86 3.-

Servizos afectados: 71.584,98 3.-

Orzamento para coñecemento da administraci3n: 2.480.161,53 3.-

Plano de situación e seccións:



